

01/02/2018

## A BIBLIOTECA DE VERÍN RECIBE O PREMIO MARÍA MOLINER 2017

---

A [Biblioteca Municipal de Verín](#) recibiu o pasado día 29 de xaneiro de mans do Ministro de Educación, Cultura e Deporte, Íñigo Méndez de Vigo o [Premio María Moliner 2017](#) ao mellor proxecto de animación lectora a municipios entre 5000 e 20000 habitantes.

A Biblioteca Municipal recibirá por este premio 12000 euros que lle entregará a [Fundación Coca-Cola](#) polo seu proxecto "*Voluntariado cultural con rapaces e rapazas para o fomento da lectura*", un proxecto consolidado que xurdiu fai nove anos e que converteu á biblioteca nun referente cultural da localidade, que destaca pola seu carácter transfronteirizo levando as actividades ata aldeas próximas do veciño Portugal e polas súas actividades interxeracionais e con colectivos en risco de exclusión social. Ao longo dos nove anos de duración deste proxecto tiveron cabida todo tipo de actividades, conferencias, presentacións de libros, exposicións, concursos, e o servizo estrela do verán a Biblio-piscina.

Desde aquí queremos recoñecer novamente o esforzo do persoal da Biblioteca Pública Municipal de Verín e trasladar a nosa felicitación por este importante recoñecemento ao seu traballo diario.



Premios María Moliner

### DOCUMENTOS E LIGAZÓNS

[A Biblioteca de Verín recibe o premio María Moliner á mellor Biblioteca de España no ano 2017](#)

[Páxina web da Biblioteca Pública Municipal de Verín](#)

[Premios María Moliner 2017](#)

---

<https://rbgalicia.xunta.gal/gl/actualidade/aviso/biblioteca-de-verin-recibe-o-premio-maria-moliner-2017>